"EXCURSIÓNS DE VERÁN"

Actividades dirixidas a toda a poboación, en especial familias, que teñen por finalidade ofrecer unha alternativa cultural e de lecer.

NORMAS DE INSCRICIÓN:

- - Lugar: centro **Fingoi**.
- - Período: entre o **1 e o 7** de xullo, ambos os dous incluídos
- - Horario: das **10:00 ás 13:00** horas
- - Requisitos:

  1. Estar empadroada/o no municipio de Lugo.

  2. Admitirase unha soa inscrición por persoa, agás no caso de que sexan da mesma unidade familiar, coa presentación do número do DNI. Pasado o prazo sinalado, as vacantes cubriranse libremente ata o **15 de xullo.**

  3. No caso de persoas con mobilidade reducida, deberán de especificalo no intre da inscrición para os efectos de habilitar o transporte axeitado, o cal reducirá o número de prazas totais, podendo baixar das 55 iniciais.

  As/Os nenas/os menores de idade irán acompañadas/os dunha persoa adulta.

- - Prezo: **4,12 €** (pagado segundo o modelo 603 e devolto ao centro no mesmo día da inscrición ou seguinte).

  O xantar é por conta das persoas participantes.

PROGRAMA:

DESTINO	DATA
Pontenova/Ribadeo	15 de xullo
Guitiriz/-A Coruña	22 de xullo
Betanzos/Ferrol	29 de xullo
Vilalba/Cariño	5 de agosto
Vilalba/Viveiro	12 de agosto
Mondoñedo/Foz	19 de agosto

- **Saída**: 09:00 horas, diante do Centro de Convivencia Fingoi (rúa Aviación Española, 22-24).
- **Regreso**: aproximadamente ás 19:00 horas (chegada prevista ás 20:30 h ao punto de saída, excepto a que ten como destino Ferrol, que será ás 21:30 horas).

Concello de Lugo
Área de Benestar Social e Igualdade

O teléfono 010 do concello

Concello de Lugo
Área de Benestar Social e Igualdade

Verán 2015
Animación Sociocultural

CENTROS DE CONVIVENCIA MUNICIPAIS

* FINGOI	982 29 74 55
* LAMAS DE PRADO	982 29 74 50
* MARÍA BALTEIRA	982 29 74 58
* MARUJA MALLO	982 29 75 05
* MILAGROSA	982 29 74 10
* SAGRADO CORAZÓN	982 29 74 60
* UXÍO NOVONEYRA	982 29 74 92

“VERÁN NOS CENTROS”

- Realización de diferentes xogos e propostas lúdico-educativas para nenas e nenos en distintos centros municipais, tales como xogos cooperativos, traballos manuais, psicomotricidade, educación ambiental, xogos musicais e outros.

NORMAS DE INSCRICIÓN:

- - Prazo: do 15 ao 19 de xuño (ambos os dous inclusive), en horario das 09:00 ás 13:00 horas.
- - Adxudicación das prazas: por rigorosa orde de solicitude.
- - Importe da cota: 1,03 euros/día (por quincenas de forma íntegra, con independencia dos días e horas de asistencia efectiva).

  Establécese unha bonificación do 50% da cota para a/o segunda/o filla/o e quedará exenta/o do pagamento a/o terceira/o filla/o pertencente á mesma unidade de convivencia, tras xustificación e sempre e cando os ingresos da unidade familiar ou de convivencia non superen dúas veces o IPREM.
- - Ingreso da cota: confirmada a dispoñibilidade de praza, a persoa solicitante cubrirá, **no mesmo día ou no hábil seguinte ao da formalización da inscrición**, o modelo de autoliquidación que se lle facilitará nos centros de convivencia, e ingresará **nese mesmo prazo** o importe da cota na entidade bancaria correspondente. Nese mesmo periodo presentará no centro no que se formula a solicitude o **resgardo de pagamento**.
- - Documentación que hai que achegar: DNI/NIF/PASAPORTE/PERMISO DE CONDUCIR (orixinal ou copia compulsada) da persoa representante legal da ou do menor ou menores solicitante/s.

  Cada persoa só poderá efectuar solicitudes para unha única unidade familiar.
- - Prioridade na inscrición:

  a) Persoas derivadas polos Servizos Sociais do Concello de Lugo. Resérvase un máximo dun 40% das prazas para persoas con diversidade funcional e outros colectivos de usuarias e usuarios dos servizos sociais de atención primaria, segundo o criterio da/o técnica/o responsable de animación sociocultural e tras a derivación da/o profesional da Área de Benestar Social e Igualdade que corresponda.

  b) Persoas empadroadas no Concello de Lugo, en xeral.

  c) Outras nenas e nenos, sempre e cando queden prazas vacantes.

PROGRAMA:

Estas actividades desenvolveranse nas seguintes quincenas durante os meses de xullo e agosto, de luns a venres, primeiro e último día incluídos.

- Primeira quincena de xullo: do 1 ao 15 (11 días)
- Segunda quincena de xullo: do 16 ao 31 (12 días)
- Primeira quincena de agosto: do 3 ao 14 (10 días)
- Segunda quincena de agosto: do 17 ao 31 de agosto (11 días)

VERÁN EN…	*IDADE (*)*	*HORARIO*	*PRAZAS*	*QUINCENAS*
FINGOI	4 A 11	10:00 A 13:30 h	20	TODAS MENOS A 1ª DE AGOSTO
LAMAS DE PRADO				1ª E 2ª DE XULLO E 1ª E 2ª DE AGOSTO
MILAGROSA				
MARÍA BALTEIRA				
UXÍO NOVONEYRA				
MARUJA MALLO	3 A 10	09:00 A 14:00 h	25	
SAGRADO CORAZÓN				

(*) É preciso cumprir o requisito da idade na data de formalización da solicitude.